

JOSEPH CONRAD

Mocidade

Un relato

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

Isto non podería suceder senón en Inglaterra, onde os homes e o mar se mesturan; digamos que o mar penetra na vida da maior parte dos homes, e que estes coñecen algo, ou todo, acerca del, sexa por entretemento, por viaxar ou como medio de vida.

Estabamos sentados ao redor dunha mesa de caoba que reflectía a botella, os vasos de viño e os nosos rostros cando nos debruzabamos nela. Eramos un armador, un contable, un avogado, Marlow e mais eu. O administrador fora grumete no *Conway*³; o contable servira durante catro anos no mar; o avogado –un *tory* dos pés á cabeza, venerable, anglocatólico, dos mellores da vella garda, honorable coma ningún– traballara outrora como primeiro oficial na compañía P. & O.⁴, cando os navíos de mensaxaría se equipaban con treos en polo menos dous dos mastros, dos que se valían para avanzar

³N. do T. *HMS Conway* foi a denominación para unha serie de buques escola da mariña mercante británica. O autor cítaa (ás veces de maneira indirecta) en diversas obras, por exemplo en *Lord Jim* ou en *Corazón da escuridade*. Cabe sinalar ademais que o armador está inspirado en G. F. W. Hope, grande amigo de Conrad e director da South African Mercantile Company e mais da Thames Sand Dredging Company. Por último, confirmar o que máis dun lector xa advertiría: este Marlow é o mesmo Charles Marlow que aparece, en calidade de álter ego noutras tres novelas de Conrad (as dúas xa amentadas nesta nota e *Chance*, de 1913).

⁴N. do T. *Peninsular and Oriental Steam Navigation Company*, empresa navieira fundada en 1837 e encargada da repartición do *Royal Mail* (o servizo postal do Reino Unido, en actividade dende 1516). Naquel tempo a P. & O. era pública, pero en 2006 pasou a mans privadas.

polo mar da China denantes de se formar un bo monzón, despregando todo o potencial das teas. Todos principiamos na mariña mercante. Entre nós os cinco reinaba a fonda unión que confire o mar, e tamén a camaradaría do oficio, que non se dá nunca na navegación deportiva, os cruceiros e similares por moito entusiasmo que se lle poña, xa que estas actividades non son máis ca entretementos, namentres que a outra é a vida mesma.

Marlow (cando menos creo que era así como el escribía o seu nome) narrou a historia, ou máis ben a crónica, dunha travesía:

Si, algo vin dos mares de Oriente; con todo, o que mellor me acorda é a miña primeira viaxe cara a alí. Ben sabedes, amigos, que certa clase de viaxes parece querer ilustrar o sentido mesmo da vida; son viaxes que poderían erixirse en símbolo da existencia. Un loita, traballa, súa, a pouco non morre, mesmo morre ás veces no tronso de levar a cabo algo do que non é capaz. E a culpa non é dun. É tan sinxelo como que non se dá feito nada, sexa grande ou pequeno; nada de nada, nin sequera casar cunha solteirona ou lograr que 600 míseras toneladas de carbón cheguen ao porto de destino.

Mírese por onde se mire, foi unha empresa memorable. Era a miña primeira viaxe ao leste, e tamén a primeira como segundo oficial. Tamén era a primeira vez que o capitán gobernaba unha embarcación. Estaremos de acordo en que non era sen tempo. Tiña sesenta anos; era un home miúdo, de costas amplas e columna

